

EXPEDIENTE:	Formalización de dúas prazas de aparcamento de motos na Avda. de Ferrol
PROCEDEMENTO:	Formalización de dúas prazas de aparcamento para motos na Avda. de Ferrol

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 6 de xuño de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Formalización de dúas prazas de aparcamento para motos na Avda. de Ferrol

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Como consecuencia de diversas queixas recibidas neste Servizo de Mobilidade e Seguridade pola deficiencia de prazas de aparcamento para motocicletas na zona da Avda. de Ferrol, se procedeu ó estudo de diversas alternativas.

CONSIDERACIÓNS

Segundo informe do técnico do Servizo de Mobilidade e Seguridade de data 9 de maio de 2022, no que se expón:

Como consecuencia de distintas queixas chegadas a este departamento pola falta de prazas reservadas a motos na praza da Mercé que están a causar, según dín nas mesmas, un perigo polos desprazamentos que fan os seus usuarios por toda a praza para aparcar en zona peonil, é polo que consideramos necesaria a ocupación de dúas prazas de vehículos existentes no aparcamento regulado polo réxime da ORA ó final da Avda. de Ferrol, para adicalas de forma gratuita ó estacionamento de motos.

Procederáse ó pintado e formalización de ditas prazas, unha vez sexa adoptado o acordó.

Segunda Disposicional Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do aparcamento ORA e aparcamento de residentes:

A Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, poderá:

a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para todas as zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado. Asemade, poderá tamén realizar ditas modificacións con relación as zonas de residentes.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Adicar dúas prazas da zona de aparcamento no réxime da ORA, ó final da Avda de Ferrol, para aparcamento gratuito de motocicletas.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Adicar dúas prazas da zona de aparcamento no réxime da ORA, ó final da Avda de Ferrol, para aparcamento gratuito de motocicletas.